

Expediente núm.: 416/2026

Procedemento: PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO DUNHA PRAZA DE MONITOR/A DEPORTIVO/A DO CONCELLO DE MEIS CON CARÁCTER TEMPORAL POR VACANTE E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Visto que é necesario cubrir, con carácter temporal, unha vacante producida polo falecemento dunha traballadora do Concello, correspondente ao posto de Monitor Deportivo e considerando:

PRIMEIRO.- Atendendo ás necesidades urxentes do Servizo, é preciso proceder á contratación laboral temporal para atender as circunstancias de substitución por vacante.

SEGUNDO.- Características da praza vacante:

- Clase: Persoal laboral temporal. Administración Especial. Servizos Especiais.
- Adscrición: Área de cultura e deportes.
- Modalidade: Contrato de traballo temporal para substitución de persoa traballadora.
- Código de contrato: Tempo completo – 410.
- Duración: Ata cobertura definitiva ou amortización (máximo 3 anos).
- Denominación do posto: Monitor deportivo.
- Xornada: A tempo completo.
- Grupo: Asimilado a un Grupo C1 – Nivel 16.
- Retribucións: As establecidas na relación de postos de traballo do Concello de Meis.

TERCEIRO.- Conforme ao disposto no artigo 11.3 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e á normativa orzamentaria vixente, considérase que se trata dun caso excepcional, existindo necesidades urxentes e inaplazables que xustifican a contratación temporal, debido a:

- A continuidade dos programas deportivos municipais, imprescindibles para a poboación.
- A imposibilidade de prestar os servizos propios da praza ata a convocatoria e nomeamento dun procedemento ordinario.
- A relevancia de garantir a seguridade e a calidade das actividades deportivas ofertadas.

CUARTO.- Proponse convocar a praza vacante mediante un proceso de selección público baseado nos principios de igualdade, mérito e capacidade, garantindo tamén a celeridade, co obxectivo de atender necesidades de carácter urxente e imprescindible.

QUINTO.- O proceso selectivo terá carácter aberto e garantirase a libre concurrencia mediante concurso de méritos, xustificándose este sistema pola súa axilidade e adecuación á cobertura inmediata das necesidades detectadas.

En virtude do exposto, esta Alcaldía

DISPÓN: O inicio do expediente para a contratación temporal dun **Monitor/a Deportivo/a** por substitución de vacante, seguindo o procedemento arriba descrito.

En Meis, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa

Marta Giráldez Barral

ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

